

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

Área de industria e Enerxía

Praza de Ourense, nº 11, A Coruña, C.P. 15003.

Don/Dona _____

con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en

_____, municipio de _____,

provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico "FONTE BARREIROS" de 96 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia de Lugo; BOE de Lugo número 246 de data 14 de outubro de 2021; Código do proxecto: Peol-383; e á vista da corrección de erros publicada no BOE número 282 de data 25 de novembro de 2021, por medio do presente escrito realiza as seguintes,

ALEGACIÓNS:

1) CARENCA DO MARCO NECESARIO DUN PLAN SECTORIAL ACTUALIZADO

De acordo coa normativa vixente en Galicia os parques eólicos deben estar amparados por un Plan Sectorial que defina as necesidades enerxéticas do país, a capacidade que precisa de xeración eléctrica eólica e as mellores localizacións para o seu aproveitamento sustentable.

No canto dese aproveitamento racional do recurso, atopámonos nun proceso de avalancha de proxectos incoherentes, solapados, simultáneos na súa tramitación que non responden a plan algún nin a ningunha necesidade cuantificada. Esta situación xera solapes entre proxectos, impide avaliar efectos sinérxicos e acumulativos e imposibilita tamén o aproveitamento racional legalmente previsto das liñas de evacuación de traxecto coincidente.

Cómpre paralizar esta anomalía antes de que provoque danos e ineficiencias permanentes e proceder dun xeito racional, pensando que son proxectos que deberan manterse no tempo durante décadas e o beneficio dunha tramitación rápida non compensa o prexuízo dun proxecto deficiente no longo prazo. Temos o exemplo da autovía A8 ó seu paso polo Fiouco.

2) FRAGMENTACIÓN ILEGAL DE PROXECTOS

Tal como quedou establecido pola sentenza 254/2020 da sala 3ª do Contencioso-Administrativo do TSXG sobre o Parque Eólico de Sasdónigas, en Mondoñedo, os parques desenvolvidos por unha mesma empresa que comparten infraestruturas imprescindibles para o seu funcionamento deben avaliarse coma un único parque. O feito de que o Parque Eólico Ruliña, en Abadín, comparta co fonte Barreiros a liña de evacuación hasta o punto de conexión na SET de Xove implica a súa inviabilidade sen a existencia do segundo, polo que ambosdous deben ser considerados un mesmo proxecto de Green Capital Development SL e avaliarse conxuntamente.

3) INSUFICIENTE CALIDADE DO E.I.A.

A execución do Proxecto do Parque Eólico Fonte Barreiros leva aparelado o correspondente “Estudo de Impacto Ambiental”, e tralo seu análise, considerarse incompleto e insuficiente. Abonda dicir que adica 69 páxinas a resumir o proxecto avaliado mentres abundan 10 páxinas para todo o inventario do medio natural e socioeconómico: as características climáticas, xeolóxicas, das augas, solos, vexetación, fauna, paisaxe, medio social, actividades económicas. Do mesmo xeito, os inventarios de espazos naturais, especies e bens patrimoniais son meras listas carentes dunha análise alén da propia enumeración.

Este desleixo amósase tamén nos apartados adicados a identificación de impactos e a súa avaliación, carente de xustificación algunha nin base científica. Nos seguintes puntos faise unha somera relación dos aspectos nula, insuficiente ou deficientemente tratados no EIA, que como se verá debera ser REXEITADO POLA SÚAS DEFICIENCIAS.

4) AFECCIÓN ÓS RECURSOS HÍDRICOS

A análise realizada é unha lista de cauces afectados directamente o nas proximidades do parque eólico, ou cruzados pola liña de evacuación. Porén, non se ten analizado nin procurado información sobre **fontes e captacións veciñais**, que poden quedar inutilizadas polos importantes movementos de terra precisos na construción das vías de acceso ós emprazamentos dos aeroxeradores. Estes recursos son de grande importancia local, máxime nun contexto actual de cambio climático e crise enerxética nas que auga limpa e o abastecemento por gravidade son bens do máximo valor.

Máis grave aínda é o feito de que a traída municipal a Ribadeo ten a súa única presa de abastecemento na **PRESA DO LEXOSO**, abastecida polo rego do mesmo nome e máis polo rego de Noceda, un punto da máxima sensibilidade nunha localización onde o proxecto prevé importantes movementos de terra, e que non ten sido nin identificado no inventario.

5) AFECCIÓN ÁS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS, GANDEIRAS E FORESTAIS

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeireiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenrolo da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica, pistas de acceso, viradoiros e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeireiras e as agro–gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda permanente de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non

avaliou os impactos do proxecto sobre destas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

6) AFECCIÓN Ó PATRIMONIO

A liña de evacuación proposta achégase a menos de 500 metros da Basílica de San Martiño en Foz, un Ben de Interese Cultural protexido, e a menos de 100 metros de bens catalogados coma a Capela e o Cruceiro do Carmen en Vilaronte (Foz), entre outros, distancias insuficientes para evitar a afección ó valor cultural destes monumentos, degradando a súa contorna.

7) IMPACTO ACÚSTICO

O impacto acústico dos parques eólicos, xerado tanto da mecánica como da aerodinámica da súa actividade, representa un dos principais impactos para as persoas, a fauna e os hábitats, polo que a análise profunda nesta materia resulta imprescindible. Porén, neste caso o Impacto Acústico derivado da actividade do propio parque unha vez iniciada a súa vida útil resulta insuficiente, vago e impreciso. De feito, o estudo non revela os factores tidos en conta no modelado do ruído xerado e a súa transmisión, aínda que polo resultado obsérvase que non se tivo en conta o vento, e que se empregou un modelo que trata o ruído coma se estivera xerado por unha fonte puntual e omnidireccional, cousa xa superada na actualidade. Pola outra banda, non se fixo unha análise diferenciado por bandas de frecuencia pese ás evidencias científicas da diferente capacidade de transmisión e efectos entre frecuencias altas e baixas.

8) COLISIÓN DE AVES E MORCEGOS

Noutro orde, e tamén de importancia significativa, están os impactos por colisións, xa que a posta en marcha e funcionamento do Parque eólico suporía un risco elevado de colisión polas dimensións das pas dos aeroxeneradores e a climatoloxía da zona, e que practicamente non son avaliados no proxecto a pesar de atoparse rodeado de Zonas de Especial Protección para as Aves. Segundo a Sociedade Española de Ornitoloxía (SEO), 25 millóns de aves morren cada ano, vítimas de colisións coas pas dos aeroxeneradores con conforman os máis de 900 parques eólicos españois (Fonte: Edición 102ª da Revista Energías Renovables-2011).

9) RADIACIÓN ELECTROMAGNÉTICA

O estudio non recolle o nivel de “RADIACIÓN ELECTROMAGNÉTICA” emitida polos aeroxeneradores ás liñas eléctricas, nin o impacto sobre a saúde dos habitantes da zona nin á fauna.

10) INCREMENTO DO RISCO DE LUMES

O estudio non considera o “ALTO RISCO DE INCENDIOS” que supoñen os parques, tanto os xerados polas propias turbinas, como por aparato eléctrico ou lóstregos atraídos polos aeroxeneradores que soen constituír os puntos de descarga de electricidade estática durante as tormentas. Trátase dun risco moi importante tendo en conta o carácter eminentemente forestal da zona afectada cun cultivo monoespecífico de especies pirófilas coma os eucaliptos.

11) RISCO ROTURA DE AEROXERADORES

O estudio non considera o “RISCO DE ACCIDENTES POR ROTURA DOS AEROXENERADORES”, e que van asociados a distintos motivos entre eles: fallos mecánicos, fortes rachas de vento, afección dos elementos por tormentas, fin da vida útil dos compoñentes do eólico, etc. Esta información pode contrastarse coas diferentes noticias publicadas nos medios de comunicación en distintos países. Un risco que cómpre avaliar tendo en conta a altura dos aerogeradores e que varios deles se atopan a unha distancia insuficiente ás vivendas, algo recoñecido pola Xunta de Galicia coa modificación legal xa vixente a 1 km de distancia mínima, que neste caso non se cumpre.

12) INTERFERENCIAS NO SINAL DE TDT

O estudo non menciona nin polo tanto avalía as potenciais INTERFERENCIAS NO SINAL DE TDT, cando varios aerogeradores rodean en todas direccións o centro reemisor do monte Mondigo, que achega este sinal a máis de 30.000 fogares de todas as vilas da comarca. Esta avaliación é imprescindible, segundo a Recomendación IUT-R BT.1893 de outubro de 2015 da Unión Internacional de Telecomunicaciones (organismo especializado en telecomunicacións da ONU), xa que os efectos serían permanentes e inevitables durante a permanencia do parque.

13) CAMIÑO DE SANTIAGO

O Estudo non menciona nin avalía o impacto deste Parque sobre o CAMIÑO DE SANTIAGO, que atravesa estes concellos a menos de 300 metros da poligonal na zona de San Vicente de Covelas, desde o que serían visibles e audíbles os aerogeradores proxectados. Ademais, sería atravesado pola liña de evacuación do PE Ruliña (que debera ser avaliado conxuntamente por compartir a liña de evacuación cara a Xove co PE Fonte Barreiros) ó seu paso por Vilamartín Grande.

14) PAISAXE E IMPACTO SOBRE O TURISMO

A Mariña é un importante destino turístico tanto para viaxeiros das comunidades próximas coma as máis afastadas. A apertura ó tráfico da autovía A8 supuxo un incremento substancial das visitas, sendo a praia das Catedrais o seu máximo expoñente, e está baseado na calidade da súa paisaxe. Os concellos de Ribadeo, Foz e Barreiros teñen no turismo unha actividade económica mui relevante e con potencialidades aínda non aproveitadas. O estudo non avalía o enorme risco que o impacto destas infraestruturas, aerogeradores, pistas e liñas de evacuación, poden supoñer no que se refire a unha redución da calidade paisaxística e polo tanto da economía e o futuro destes concellos.

15) Sobre o procedemento administrativo.

Finalmente, respecto do procedemento administrativo, fago constar a falta de información sobre o proxecto aos afectados/as polo mesmo (propietarios, veciños do lugar ou usuarios de servizos da zona), xa que se estiveron a realizar distintos trámites e xestións de forma totalmente opaca sen informar minimamente.

Así a publicación nos Diarios Oficiais, resulta a primeira é única notificación recibida por parte de moitos veciños afectados/as nas súas propiedades. O que contravén o establecido na Lei 21/2013 de 9 de decembro, de Evaluación Ambiental, así como na Lei 39/2015 de Procedimiento Administrativo Común

A persoa que subscribe (co enderezo anteriormente indicado), ademais do exposto, considérase afectada polo que sigue:

A liña de evacuación proxectada descorre por San Martiño de Mondoñedo, en paralelo a outras liñas xa existentes ou planeadas por outra empresa (proxecto Borrasca). No anteproxecto Fonte-Barreiros non se contempla en ningún sitio a posibilidade de aproveitar as infraestruturas existentes, o cal, por outro lado, é unha obriga imposta pola normativa vixente en materia de protección ambiental (Real Decreto 1432/2008 de 29 de Agosto que establece medidas para a protección da avifauna).

Así mesmo esta liña de alta tensión proxectada sobre o concello de Foz sobrevoa zonas cualificadas no vixente PXOM como solo de núcleo rural, en concreto no lugar do Carme, na parroquia de San Martiño de Mondoñedo. Os tendidos e o tipo de condutores, que se van usar nesta zona segundo expón o proxecto, débense evitar sobre solo urbano e así o di a normativa sectorial aplicable. Procede destacar que o solo do núcleo rural é unha tipoloxía específica de solo urbano (Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia). O tendido proxectado alteraría gravemente o desenvolvemento urbanístico dos núcleos afectados. Esta afección nin se considera no proxecto nin se xustifica o seu incumprimento.

Outra afección sería ao trazado da Autovía A.74, que está contemplado no PXOM do Concello de Foz. O trazado da liña aérea de evacuación interfere en varios puntos con esta autovía, sen embargo o proxecto presentado non ten para nada en conta as incompatibilidades que se producen co choque de ambas infraestruturas.

Unha afección da máxima importancia é a que recae sobre a vida das persoas, sobre os bens dos particulares. Vivendas, fincas, granxas que van quedar moi cerca das liñas de evacuación deste proxecto, nalgúns casos por partida dobre (proxecto Borrasca + proxecto Fonte Barreiros), ex: San Martiño de Mondoñedo. Nesta citada parroquia xa falamos no punto 6 da proximidade (420 m) dun Monumento Nacional, como é a súa Basílica, ás liñas de evacuación, trátase dun ben patrimonial de primeiro orde, que será gravemente afectado polo impacto visual

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1º.- Que se teñan por presentadas as anteriores alegacións dentro do prazo e forma establecidos, e seguindo o legal transcurso do procedemento se acepten e no momento oportuno se produzan as necesarias modificacións no expediente de referencia.

2º.- Que como parte interesada, me realicen tódalas notificacións que procedan, e de acordo co artigo 86.3 da "*Ley 30/1992, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y el Procedimiento Administrativo Común*", solicítase a esta Administración que remita resposta razoada e xustificada a tódalas alegacións presentadas.

3º.- Que a Declaración de impacto ambiental se considere negativa ou desfavorable, en razón dos datos expostos no presente documento de alegacións, e que non se outorgue a Autorización administrativa previa

do parque eólico Fonte Barreiros, e en consecuencia se desestime a execución do proxecto. Que non se outorgue a Autorización administrativa previa.

....., ... de de 202..

Asdo.- _____